



## 5º Festival de Contidos Dixitais – CARBALLO INTERPLAY

### BASES COMPETICIÓN DE WEBSERIES 2018

#### CONDICIÓNS XERAIS

A 5ª edición do Carballo Interplay terá lugar en Carballo (Galicia) do 4 ao 7 de abril de 2018.

Poderán presentarse a competición aquelas webseries producidas entre os anos 2016 e 2018 que teñan un mínimo de 3 capítulos emitidos no momento da inscrición.

Os episodios inscritos poden ser de calquera duración, temática, xénero, de imaxe real ou animación, nacionais ou internacionais.

#### INSCRICIÓN

A inscrición farase desde o web do festival [www.carballointerplay.com](http://www.carballointerplay.com) cubrindo debidamente o formulario de inscrición en liña.

A inscrición é gratuíta en todos os casos.

A data límite para a inscrición é o 18 de febreiro de 2018.

Para a inscrición e visionado das webseries en idiomas que non sexan o galego ou o castelán é obrigatorio que cando menos estean subtituladas en inglés ou nun destes dous idiomas.

#### SELECCIÓN

De resultar seleccionada unha webserie, a organización contactará cos seus creadores ou creadoras para solicitar o envío dos capítulos en boa resolución a través da plataforma Wetransfer ou servizo similar, unha captura de vídeo dun minuto e outros materiais promocionais (fotogramas, cartel...).

#### COPIAS DE PROXECCIÓN DAS SERIES SELECCIONADAS

O formato de proxección será .mov o .mp4 (codec H.264), resolución: 1920x1080 o 1280x720, taxa máxima de transferencia de bits: 20.000 kbps; audio ACC; subtítulos en galego ou castelán incrustados ou en .srt.

Os traballos que entren a concurso deberán estar subtitulados ao galego ou castelán no caso de non ser a versión orixinal en calquera destes dous idiomas.

#### XURADO

O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual e do mundo da cultura con traxectoria contrastada. A decisión do xurado é inapelable.

O xurado poderá deixar deserta de premio calquera categoría, outorgar mencións especiais ou declarar *ex aequo* algún dos premios.

## **PREMIOS**

Os premios outorgados serán os seguintes:

- Mellor webserie: 800 euros e trofeo
- Mellor webserie internacional: 800 euros e trofeo
- Mellor webserie en galego: 800 euros e trofeo
- Premio do xurado novo: 400 euros e trofeo
- Premio do público: 400 euros e trofeo
- Premio AGAG ao mellor guión: 200 euros e trofeo
- Premio CREA a mellor dirección: 200 euros e trofeo
- Mellor actriz: trofeo
- Mellor actor: trofeo

As webseries producidas en Galicia poderán optar aos dous premios de Mellor webserie e Mellor webserie VO Galego. En todo caso só poderán optar ao premio á Mellor webserie VO Galego aqueles traballos cuxa versión orixinal sexa en lingua galega. A organización resérvase o dereito a deixar deserto o premio en caso de que non concorran a concurso un mínimo de tres webseries no devandito idioma.

En caso de que o xurado decida que dúas webseries resultan premiadas na mesma categoría a dotación económica repartirase a partes iguais entre as gañadoras.

O público asistente ás proxeccións elixirá o premio do público mediante un sistema de votación por papeletas.

Os premios estarán suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

Ningunha persoa vinculada laboralmente coa organización do festival poderá presentar traballos, en caso de telos, a concurso.

## **OBRIGAS DOS/AS PREMIADOS/AS**

Os/as creadores/as das webseries premiadas ou algún representante deles/as deberán estar presentes na entrega de premios que terá lugar o sábado 7 de abril de 2018 no auditorio do Pazo de Cultura de Carballo. O festival comunicará a decisión con tempo abondo para organizar a asistencia e farase cargo dos gastos de aloxamento dos/as premiados/as.

O/a gañador/a do premio internacional poderá enviar un vídeo para proxectar na gala.

## **COMUNICACIÓN**

A organización resérvase o dereito de tomar unha mostra das webseries seleccionadas para usar no tráiler oficial, ademais do dereito sobre o uso dos materiais (fotogramas / fotografías / cartel, etc.) para a promoción (programa impreso, cartel, prensa, internet, redes sociais, etc.) deste.

## **DEREITOS DE EXHIBICIÓN**

A organización dá por feito que os/as titulares das webseries presentadas ostentan todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e materiais presentados e declina calquera responsabilidade con respecto á infracción desta norma. Ao enviaren os materiais a concurso os/as titulares/as están a declarar implicitamente seren os/as propietarios/as e estaren autorizados/as para utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento dos/as creadores/as ou produtoras que presenten unha webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

## **ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN**

A participación no festival implica a aceptación destas bases.

